

## RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE FAN PÚBLICAS AS LISTAS DEFINITIVAS DE PERSOAS ADMITIDAS, DE AGARDA E EXCLUÍDAS DO PROCEDIMENTO EXTRAORDINARIO DE SETEMBRO NAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DESTA ENTIDADE PARA O CURSO 2019/20

O artigo 7.C) do Regulamento de réxime interior das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio establece que é competencia dos Consellos escolares a aprobación da adxudicación de prazas.

Así mesmo, o artigo 8.A) do citado Regulamento determina que a dita competencia será ostentada pola Comisión mixta Consorcio-Concello cando non estea constituído o Consello Escolar.

Pola súa parte, será a Comisión de baremación intercentros quen proceda á aprobación da adxudicación de prazas no caso de aqueles concellos onde se oferten prazas en máis dunha escola, segundo determina o artigo 8.B) do Regulamento.

Por todo o exposto, en virtude da competencia que me confire o artigo 18 do Regulamento de réxime interior, RESOLVO:

1. Facer públicas as listas definitivas de persoas admitidas, de agarda e excluídas do procedemento extraordinario de setembro nas Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso escolar 2019/20, por tramos de idade e orde de puntuación segundo o anexo I desta resolución.

2. Establecer a apertura do prazo de matrícula que terá lugar entre os días 9 e 11 de outubro de 2019, ambos os dous incluídos. A matrícula formalizarase presencialmente na escola infantil e achegarase a seguinte documentación:

- Impreso de matrícula cuberto (facilitarase nos propios centros, así como na páxina web [www.igualdadebenestar.org](http://www.igualdadebenestar.org)).
- Copia da cartilla de vacinacións da nena ou neno.

3. A non formalización da matrícula no prazo sinalado implicará ter por decaída a solicitude de conformidade co previsto no artigo 19.4 do Regulamento de réxime interno das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

4. Con carácter xeral, a incorporación das crianzas matriculadas á escola realizarase o 14 de outubro de 2019. No suposto das escolas nas que se amplíe a oferta de número de unidades neste baremo, a data de incorporación comunicarase ás familias tras a formalización da matrícula das/dos nenas/os, en función da concesión das preceptivas autorizacións administrativas, en cumprimento do Decreto 143/2007, de 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e demais normativa aplicable.

Santiago de Compostela

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

